

ACTIVIDADES DE COMENTARIO DE VARIOS DOCUMENTOS

BLOQUE DE DOCUMENTOS 2


PUNTO 2. O DESENVOLVEMENTO DA SEGUNDA GUERRA MUNDIAL

ORIENTACIÓNS: A partir dos dous documentos que se guen debes elaborar un comentario sobre ao **desenvolvemento da Segunda Guerra Mundial**. Na redacción debes abordar as seguintes cuestións: **as innovacións técnicas e a táctica militar na Segunda Guerra Mundial e ás fases da guerra (DOCUMENTO 10) e (DOCUMENTO 11)**. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar un **comentario coherente e argumentado**, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.

Pasos a seguir para o comentario con dous documentos históricos

1. PASO 1: **INTRODUCCIÓN** (explicación xeral e definición da Segunda Guerra Mundial)
2. PASO 2: **EXPLICACIÓN DO CONTEXTO HISTÓRICO PREVIO** (innovacións técnicas e a táctica militar na Segunda Guerra Mundial, facendo referencia á táctica militar alemá da guerra lóstrego, ás tácticas militares do bando aliado, á aplicación dos avances científico-técnicos e á construción de novas armas)
3. PASO 3: **COMENTARIO DO PRIMEIRO DOCUMENTO** (fase da guerra das ofensivas alemás e da guerra lóstrego (DOCUMENTO 10), facendo referencia á invasión de Polonia, á invasión de Dinamarca e Noruega, á invasión de Bélxica e os Países Baixos á invasión de Francia e á división deste país en dúas zonas, á batalla de Inglaterra, á entrada de Italia na guerra e aos combates no norte de África e á intervención de Alemaña nos Balcáns)

DOCUMENTO 10. AS OFENSIVAS ALEMÁS EN EUROPA (1939-1942)



Pautas a seguir para o comentario do mapa histórico

a) CLASIFICACIÓN

- Título
- Natureza do mapa
 - En función da súa orixe (fonte primaria ou fonte secundaria)
 - En función da súa forma (histórico-físico, histórico- político, histórico-topográfico, histórico-urbano...)
 - En función do seu contido (político, económico, agrario, industrial, militar...)
- Época na que foi realizada
- Espazo xeográfico que ocupa
- Ámbito cronolóxico que abrangue

b) ANÁLISE

- Tema principal
- Outros temas e outra información que nos achega

c) COMENTARIO

- Explicación do tema ou temas que trata o mapa, **sempre en relación e facendo referencia ao contido do documento**
 - Mención en primeiro lugar das circunstancias históricas que inflúen na configuración do mapa
 - Análise dos elementos do mapa que nos achegan información sobre o acontecemento e a época
 - Identificación da mensaxe que nos pretende transmitir


d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica do mapa como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)

4. PASO 4: **EXPLICACIÓN DO CONTEXTO HISTÓRICO INTERMEDIO** (situación favorable na guerra para as potencias do Eixe, co control de case toda Europa, intento de invasión da Unión Soviética por parte de Alemaña, ataque aéreo xaponés sobre a base naval estadounidense de Pearl Harbor e avance do proceso de ocupación de territorios no Océano Pacífico por parte de Xapón)

5. PASO 5: **COMENTARIO DO SEGUNDO DOCUMENTO** (etapa de viraxe da guerra cara á derrota do Eixe (**DOCUMENTO 11**), facendo referencia á derrota do exercito alemán en Stalingrado, á batalla de Kursk, á batalla de El Alamein, ao desembarco aliado en Sicilia para intentar conquistar Italia e á división de Italia en dúas zonas, ao desembarco de Normandía. ao avance do Exército Vermello polo leste de Europa e á rendición incondicional de Alemaña)

DOCUMENTO 11. A GUERRA EN EUROPA (1942-1945)



Pautas a seguir para o comentario do mapa histórico

a) CLASIFICACIÓN

- Título
- Natureza do mapa
 - En función da súa orixe (fonte primaria ou fonte secundaria)
 - En función da súa forma (histórico-físico, histórico-político, histórico-topográfico, histórico-urbano...)
 - En función do seu contido (político, económico, agrario, industrial, militar...)
- Época na que foi realizada
- Espazo xeográfico que ocupa
- Ámbito cronolóxico que abrangue

b) ANÁLISE

- Tema principal
- Outros temas e outra información que nos achega

c) COMENTARIO

- Explicación do tema ou temas que trata o mapa, **sempre en relación e facendo referencia ao contido do documento**
 - Mención en primeiro lugar das circunstancias históricas que inflúen na configuración do mapa
 - Análise dos elementos do mapa que nos achegan información sobre o acontecemento e a época
 - Identificación da mensaxe que nos pretende transmitir

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica do mapa como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)

6. PASO 6: **EXPLICACIÓN DO CONTEXTO HISTÓRICO FINAL** (contraataque das tropas estadounidenses polo Océano Pacífico, coas batallas de Midway e de Guadalcanal, lanzamento das bombas atómicas sobre Hiroshima e Nagasaki e capitulación de Xapón)